



OPICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás previsións de vertedura de lodos contaminados entre as illas de Ons e Sálvora.

Diversas informacións alertan da intención de utilizar unha área mariña localizada entre as illas de Ons e Sálvora como lugar de vertedura de lodos procedentes do saneamento da ría de Vigo.

Estas verteduras conterían cobre, chumbo, zinc, mercurio, etc., e representarían unha evidente ameaza para o rico ecosistema mariño, unha vez que algúns destes metais, eventualmente, poderíanse dispersar en suspensión e chegar e afectar a caladoiros pesqueiros e bancos marisqueiros.

Así as cousas, cumpre establecer unha moratoria que paralice este tipo de verteduras. Están en xogo, ademáis do equilibrio medioambiental nunha zona privilexiada, un sector produtivo que ten precisamente entre Ons e Sálvora unha extraordinaria zona de traballo.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

1ª) Posúe a Comunidade Autónoma de Galiza algunha competencia no referente á determinación do lugar de vertedura, e á propia realización destas prácticas?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2ª) En que coordenadas xeográficas se localiza a área de vertedura?

3ª) A que profundidade?

4ª) Leváronse a cabo xa verteduras nesta zona?

5ª) En caso positivo, de que materiais e en que cantidade, de que procedencia, e en que datas se realizaron estas actuacións?

6ª) Cal é o método escollido para o depósito das verteduras nos fondos mariños?

7ª) Existe algún estudo eco-toxicolóxico que avalíe o impacto destas verteduras sobre o medio mariño?

8ª) Non sería máis lóxico que se procedera á estabilización, inertización e depósito en terra (no lugar máis acaído) destes refugallos, e non que se botasen directamente ao mar, nun área privilexiada do punto de vista ambiental e produtivo?

9ª) Que medidas se adoptarán con ese motivo?

Santiago de Compostela, 6 de Agosto de 2008

Asdo. **Bieito Lobeira Domínguez**

Deputado do G.P. do BNG



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2008 12:18
Nº Rexistro: 30945
Data envío: 06/08/2008 12:18:13.268



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 06/08/2008 12:13:34